

JOJO RABBIT

Taika Waititi, 2019

631

ESTREA EN NUMAX: 24.01.2020 | V.O.S.E. | +12

Jojo Rabbit (2019, 108')

Dirección: Taika Waititi

Guión: Taika Waititi (Novela: Christine Leunens)

Elenco: Roman Griffin Davis, Taika Waititi, Scarlett Johansson, Thomasin McKenzie, Sam Rockwell, Rebel Wilson, Alfie Allen, Stephen Merchant, Archie Yates

Son: Tobias Poppe

Fotografía: Mihai Malaimare Jr.

Montaxe: Tom Eagles

Dirección de arte: Radek Hanák, Ondrej Lipensky

Vestuario: Mayes C. Rubeo

Música: Michael Giacchino

Produtora: Fox Searchlight (Estados Unidos), Defender Films, Piki Films (Nova Zelandia), Czech Anglo Productions (Alemaña)

Distribuidora: 20th Century Fox

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 2020 (Nomeado a Mellor Filme e Actor de Musical ou Comedia), BAFTA 2020 (6 nominacións), Satellite Awards (Nomeado a Mellor Guión Adaptado e Actor)

FILMOGRAFÍA

Thor: Ragnarok, 2017

A la caza de los ñumanos, 2016

Lo que hacemos en las sombras, 2014

Boy, 2010

Eagle vs Shark, 2007

Dos coches, una noche, 2003

SINOPSE

A historia segue a un estraño mozo alemán criado por unha nai solteira e cuxo único aliado é o seu amigo imaxinario Hitler. O seu inxenuo patriotismo ponse a proba cando coñece unha moza que cambia a súa visión do mundo e o obriga a enfrontarse aos seus maiores temores.

«Hábil filme (...) o director (...) parece ter moi claro que o seu futuro depende de non pasarse de gracioso (...) e mesturar con pericia o cuqui e o baixón»

Antonio Trashorras, FOTOGRAMAS



“Volver falar do pasado é unha forma de falar do presente”

Entrevista con Taika Waititi

Por Luis Martínez

Primeiro a máis inocente das preguntas ao fio de boa parte das críticas: pódese chancelar de calquera asunto? Hai límites para o humor?

Si, hai límites. Non se pode chancelar de todo. Estou convencido.

Onde está o límite? Imaxino que non está ben facer chistes sobre canto odiaba Hitler aos xudeus ou sobre a forma de asasinalos... Non me sinto con forza para elaborar unha teoría xeral do asunto. Podo falar por min e pola miña película, e o que me interesaba era contar a fantasía dun neno. A miña película trata de ver o horror a través da mirada dun neno que non sabe do que é capaz o mundo adulto. Non tenta ser tampouco un relato fiel ou aproximado do que realmente ocorreu.

A película chega ás pantallas nun momento delicado. Hai pouco Donald Trump chamaba traidores aos xudeus que votan aos demócratas e Europa en xeral e Alemaña en particular viven un auxe dos partidos de extrema dereita que ou xustifican ou fan súas moitas de consignas nazis... Por iso é oportuna. Todos os grupos adestrados para o odio gozan do seu momento de gloria. Vivimos, de feito, un tempo similar

ao que sufríu Europa nos anos 30. Por iso creo que o filme chega no momento xusto. O papel que agora mesmo están a desempeñar as relixións e determinados movementos culturais retrotraénnos ao pasado cunha claridade que asusta. É necesario volver falar do pasado, que é unha forma de falar do presente.

Abordar unha película como a súa sen pensar en *La vida es bella* ou *El gran dictador* mesmo parece imposíbel...

Vinas hai anos e impúxenme como obriga non volver velas. Prohibinme mesmo falar delas até nas entrevistas. Aínda que soe inxenuo, quería facer a miña propia película, achegar o meu punto de vista.

Non lle impresiona medirse con Charles Chaplin, o outro gran cómico que deu vida a unha copia de Hitler?

Facemos o mesmo personaxe, pero non o mesmo papel. Facemos dous hitlers diferentes. De feito, eu non creo que o meu papel sexa o de Hitler, é o Hitler que imaxina un neno, que, á forza, está moi lonxe do real.

Na súa película soa unha versión alemá de *I Wanna to Hold Your Hand* e nalgunha entrevista arriscouse a comparar os Beatles con Hitler. É unha provocación?

Teñen algo que ver. Hitler foi capaz de capturar os corazóns e as mentes de toda unha nación. A enerxía de todo un país mobilizouse de forma fatal grazas a el. E, obviamente, os Beatles, no mellor dos sentidos, fixeron algo parecido en todo o mundo. O impacto de Hitler é similar ao da beatlemania sen dúbida.

Diría que a súa película e tras a polémica coa distribución por parte de Disney é recomendable para nenos?

Sen dúbida. Estamos obsesionados con que os nenos vivan en burbullas e non pode ser. Teñen que saber en que mundo viven e que ese mundo, o noso mundo e a nosa cultura, foi capaz de algo chamado Holocausto. Non hai que esperar a que cumran 25 anos. A esa idade é moi tarde. Estou convencido de que canto antes sexan conscientes, mellor. Esa é a única maneira de educar no amor e a tolerancia. Agora as crianzas medran nunha especie de santuario. Se non preguntan, moitas non chegan nunca a saber nada. Eu quedei conmocionado aos 8 anos, pero foi útil. Estamos a crear unha sociedade estúpida.

Como definiría o sentido do humor de Nova Zelandia? Existe tal cousa?

Si, é unha mestura de humor inglés e americano. Un máis refinado e absurdo, e o outro máis directo. Creo que o realmente atractivo son as situacións aburridas. Interésame moito o aburrimiento. Personaxes extravagantes en situacións aburridas, esa é a clave.

Publicado en elmundo.es
Tradución: Olalla Cociña

O director

(Taika Waititi, Nova Zelandia, 1975). En 2004 foi nomeado a un Oscar pola curta *Two Cars, One Night*. *Boy* converteuse en 2010 no filme que máis recaudou ese ano en Nova Zelandia, e foi lanzado internacionalmente en 2012. En 2014 dirixe e escribe, xunto a Jemaine Clement, o falso documental sobre vampiros *What We Do in the Shadows*. En 2017 estrea a superproducción de Marvel Studios *Thor: Ragnarok* onde, ademais de dirixir, interpreta a Korg.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
[#eusondenamax](https://twitter.com/eusondenamax)